

¡ FELIZ AÑO, FELIZ BICENTENARIO...!

No Bicentenario do Seminario Auriense (1804-2004)

1. Acto de Inauguración

11'00 h. MISA DE ACCIÓN DE GRACIAS. Pre-
sidente o Emmo. Sr. Cardenal-Arcebispo de
Madrid e Presidente da Conferencia Epis-
copal Española, **D. Antonio María Rouco
Varela.**

12'30 h. ACTO ACADÉMICO.
Salón de Actos do Seminario Maior.
Conferencia de S. E. D. Antonio María
Rouco Varela, co título:
**“EL MODELO DEL SACERDOCIO
EN EL CONCILIO VATICANO II”**

13'45 h. Descubrimento da Placa conmemorativa.

14'00 h. Comida de Fraternidade.
Visita libre á exposición: «UN SEMINA-
RIO VIVO. 200 AÑOS DE HISTORIA».

2. A exposición: “Seminario Vivo, 200 anos de historia”.

A nosa Diocese está realizando un importante esforzo para que a celebración do Bicentenario do Seminario Auriense (1804-2004) resulte ser un evento solemne e participado, que tamén encontre certo eco dentro do entramado cultural ourensán.

INFORMACIÓN:

Visita libre e gratuíta á exposición.

Contido: documentación de arquivo, patrimonio bibliográfico e artístico, material científico e fotográfico. Para máis información, cfr.

www.obispadodeourense.com

Ubicación:

* Seminario Maior “Divino Maestro” de Ourense, do 17 de xaneiro ó 13 de novembro. Tlno. 988 222 750

* Centro Cultural da Deputación Prov. de Ourense, Rúa do Progreso, 30 (Edificio Simeón), do 22 de marzo ó 5 de abril. Tlno. 988 385 222.

Tempo:

* Do luns ó sábado, de 9 a 13 horas e de 15 a 19 horas. Os domingos e en caso de grupos pola semana, rógase prenotar (no Seminario). O mesmo no verán (xullo e agosto)

* De luns a domingo, de 17 a 21 horas (no Centro Cultural).



Patrocinadores: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Deputación Provincial, Caixanova, Caixa Galicia e o mesmo Bispado de Ourense.

Comisario da exposición: Rvdo. D. José Ramón Hernández Figueiredo.

3. Xuntanza de Antigos Alumnos do Seminario.

Un dos momentos máis entrañables do Bicentenario será a Xuntanza de Antigos Alumnos. Existe un Delegado Sacerdote por cada curso que intentará convocarvos. A colaboración é esencial para a organización deste tipo de acontecementos. Tal evento terá lugar o día 20 de marzo, ás 11 horas da mañá, no Seminario Maior, e comprenderá os seguintes actos:

* **Misa solemne de Órdenes Maiores de Diáconos.**

* **Comida de fraternidade, de carácter popular,** baixo unha carpa no campo de fútbol, ás 14 horas aproximadamente. O precio é de **18 euros por persoa.**

* **Visita libre á exposición** sobre o Seminario, e entrega dunha **medalla conmemorativa en bronce** ós que a pidan. O seu prezo é de 10 euros por peza.

Para anotarse, poderá facelo ben persoalmente ou ben a través do Delegado correspondente, **a partir do 19 de xaneiro no Seminario Maior,** onde se lle entregará unha invitación numerada, na que constará o abono do xantar e da medalla. As datas límites para anota-la adquisición da medalla e a participación no xantar son o 1 e o 12 de marzo, respectivamente.